



Concello de Vigo

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria do día 3 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

12.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DO CONCELLO REFERENTE ÁS DOTACIÓNS ECONÓMICAS DOS GRUPOS MUNICIPAIS. EXPTE. 1723/110 (REXISTRO PLENO 3868/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xuño de 2023, a Alcaldía-Presidencia somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

“O parágrafo segundo do artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, indica que o Pleno da Corporación, con cargo ós orzamentos anuais da mesma e os efectos da súa actuación corporativa, poderá asignar ós grupos municipais unha dotación económica que constará dun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable en función do seu número de membros.

Constituída a nova Corporación do Concello de Vigo xurdida tralas eleccións locais do 28 de maio, resulta preciso proceder a unha nova consideración da asignación total no seu día acordada e a unha nova redistribución, polo que esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro. Fixar en 98.850,15 € o crédito orzamentario asignado a este gasto (Base 39 das de execución do orzamento).

Segundo. Cada grupo municipal disporá dunha dotación económica en función dun compoñente fixo (1.500,00 €) e outro variable (3.494,45 €) en función do número de membros de cada un deles, sendo a distribución do importe total a seguinte:

G. M Socialista $1.500,00 \text{ €} + 3.494,45 \times 19 [66.394,55 \text{ €}] = 67.894,55 \text{ €}$

G.M. Popular $1.500,00 \text{ €} + 3.494,45 \times 5 [17.472,25 \text{ €}] = 18.972,25 \text{ €}$

G.M. do BNG $1.500,00 \text{ €} + 3.494,45 \times 3 [10.483,35 \text{ €}] = 11.983,35 \text{ €}$

Terceiro. As dotacións o son sen prexuízo dos medios materiais necesarios, artigo 27 do R.D. 2568/1986, de 26 de novembro.

Cuarto. As dotacións non se poderán destinar ao pagamento de remuneracións de persoal ou á adquisición de bens que constitúan activos fixos patrimoniais.

Quinto. Os grupos municipais levarán unha contabilidade específica de dotación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/11/2023 09:09	Páxina 1 de 2
1723-110	CSV: ABA437-54D4D8-CAD9D9-1619SA-NV38PR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

asignada que porá a disposición do Pleno sempre que este o solicite.”

Con data 28 de xuño o Interventor municipal emite informe de fiscalización favorable.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, acórdase rexeitar as emendas.

VOTACIÓN DO FONDO.- Con dezoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e oito votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e mais dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a proposta da Alcaldía, de data 28 de xuño de 2023, relativa ás dotacións económicas dos grupos municipais.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura dixital.
am

Vº e Pr.
O ALCALDE,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/11/2023 09:09	Páxina 2 de 2
1723-110	CSV: ABA437-54D4D8-CAD9D9-1619SA-NV38PR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		